



FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
Rúa Castelao nº 21 ent. nº 2
27001 Lugo
Telf.: 982 251 345
Fax: 982 109 800
Email: fegatri@hotmail.com

A/A Clubs e Deportistas

CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACION DEPORTIVA DE PONTEVEDRA (Curso 2015/2016)

A FEGATRI abre o prazo para solicitar praza no CGTD de Pontevedra cara o próximo curso escolar 2015/2016 (dende o 25/05/2015 ata o 28/06/2015).

Os tipos de prazas que poden solicitarse serán as seguintes:

Para o grupo de Tecnificación: deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2016

(nados nos anos 2001, 2000, 1999 e 1998), é dicir, cursar no próximo ano 3º, 4º ESO ou 1º e 2º de BACH.

GRUPO DE TECNIFICACIÓN

Praza de Residente: residentes fóra do Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

Praza de Externo 1: residentes no Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

GRUPO DE RENDEMENTO

Praza de Residente: deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2016 que residan fóra do Concello de Pontevedra, que estean matriculados nalgún centro educativo.

Crterios

1º) Deportistas, que remataron a súa bolsa como residentes de tecnificación, que teñan

posibilidades de competir nos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Río de Janeiro 2016.

2º) Deportistas que teñan posibilidades de competir nos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Río de Janeiro 2016.

3º) Deportistas que formen parte habitual do equipo nacional.

Beneficios da praza: aloxamento e manutención completa, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 2: deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2016.

Criterios

1º) Para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa nos anos 2014 ou 2015.

2º) Para deportistas que estean entre os 2 primeiros postos do ránking nacional da súa categoría na presente tempada (2014/2015).

3º) Para deportistas campións ou subcampións de España na súa modalidade no ano 2015.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Elite: para deportistas con participación nos últimos XXOO, Xogos Paralímpicos, Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta, e/ou que estean entre os 2 primeiros postos do ránking nacional na presente tempada.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 3: para deportistas maiores de idade

- Que quedaran nos postos 3º ou 4º no Campionato de España do ano 2015 ou que ocupen estas posicións no ránking nacional na presente tempada.

- Que xustifiquen ter a condición de DGAN e/ou DAN en vigor.



FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
Rúa Castelao nº 21 ent. nº 2
27001 Lugo
Telf.: 982 251 345
Fax: 982 109 800
Email: fegatri@hotmail.com

Beneficios da praza: instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia

Para optar a becas no CGTD teranse en conta:

- ***Expediente e traxectoria académica (Grupo tecnificación).***
- ***Resultados deportivos: competicións, tomas de tempos e concentracións (a detallar en formulario adxunto)***
- ***Proxección deportiva.***

Nota: A data de hoxe non sabemos con que número de prazas contaremos na sección de triatlón para o curso 2015/2016.

Hai tres adestradores fixos: Jonathan Cancela, Omar Gonzales e Luís Piña.

As prazas para o próximo curso teñen que solicitálas todos/as aqueles/as deportistas que desexen entrar no CGTD e os/as que están becados na actualidade (enviar formulario da páxina seguinte a: fegatri@hotmail.com).

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE BECA 2015-2016

-CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA DE PONTEVEDRA (CGTD)-

Datos persoais e contacto	
Nome:	
Apelidos:	
DNI:	
Data de nacemento:	
Enderezo:	
Lugar de nacemento:	
Teléfono contacto 1:	
Teléfono contacto 2:	
Enderezo email:	

TIPO DE BECA QUE SOLICITA:	INTERNO ()	EXTERNO ()
----------------------------	------------	------------

Datos académicos	
Curso actual:	
Nº de materias pendentes:	
Media académica:	

Datos deportivos	
Club ó que pertence:	
Breve currículo deportivo das dúas últimas tempadas:	
Marcas acreditadas:	
NATACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 100m: ▪ 400m: ▪ 1000m: ▪ 1500m: 	CARREIRA: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 400m: ▪ 1000m: ▪ 3000m: ▪ 5000m: ▪ 10000m:

<i>Sinatura do deportista:</i>	<i>Sinatura do pai/nai/titor:</i>	<i>Selo do club ó que pertence:</i>